



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Secretaría Xeral

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno. (24 horas) e fax 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> correo electrónico: sghn@sghn.org

Sr. Conselleiro
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela

Serafín J. González Prieto, con DNI 34935654B e domicilio a efectos de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, na súa cualidade de presidente da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.),

Expón: Que durante a tramitación do proxecto de Lei de Caza no parlamento de Galicia, a S.G.H.N. subliñou reiteradamente ós grupos parlamentarios a necesidade de que as probas de aptitude para obter a licenza de caza deberían ser obrigatorias para tódalas persoas que a queiran obter, e non só para aquelas que a soliciten por primeira vez, posto que os cazadores que xa tiveron licenza nunca demostraron diante da Administración "a aptitude e os coñecementos precisos" esixidos no Artigo 46 da Lei 4/1997, de 25 de xuño, de Caza de Galicia.

Que os recentes e moi lamentables accidentes de caza acaecidos en Galicia, con dúas vítimas mortais en dúas semanas, provocan alarma social e poñen de manifesto a urxente necesidade de que, por razóns tanto de seguridade dos cidadáns como de protección da fauna silvestre, se estableza a obrigatoriedade dun exame para tódolos cazadores de Galicia que determine a súa aptitude para obter ou renovar a licenza de caza.

Solicita: Que a Consellería de Medio Ambiente estableza para a vindeira tempada de caza a obrigatoriedade dun exame que determine a aptitude de todos os que soliciten a obtención ou renovación dunha licenza de caza.

Que, tomando como modelo as recentes decisións do Ministerio do Interior para os permisos de conducir, a Consellería de Medio Ambiente estableza «carnets por puntos» para os titulares de licencias de caza, dos que sexan descontados puntos por infraccións da Ley de Caza de Galicia, especialmente no relativo ó incumprimento das medidas de seguridade durante a caza, pero tamén en todo o relacionado coa conservación das especies, cinxéticas ou non, afectadas pola práctica da caza.

Que a Consellería de Medio Ambiente estableza controles obrigatorios de alcoholemia, ou consumo doutras drogas, para os cazadores, pois o consumo de alcohol ou drogas combinado co emprego de armas de fogo é alomenos potencialmente tan perigoso como o seu consumo combinado coa conducción de vehículos a motor.

É xustiza que espera obter.

En Santiago de Compostela a 14 de decembro de 2004.